endesa

Estimado Dr. Wenceslao González Manteiga:

Con relación ao seu proxecto de investigación "Modelos de inferencia non paramétrica para indicadores medioambientais" do cal é vostede Investigador principal, quero manifestarlle o noso interese en dita investigación e nos resultados que da mesma se puidesen obter.

A política medioambiental de Endesa está plenamente integrada na súa estratexia empresarial e asume o respecto e conservación do medio, e o uso eficiente dos recursos, como comportamentos fundamentais da compañía. Por isto realiza todas as súas actividades de maneira respectuosa co Medio Ambiente e conforme aos principios do desenvolvemento sostible, comprometéndose co aproveitamento e conservación dos recursos que emprega.

Como resposta a este compromiso, a UPT As Pontes implantou un Sistema de Xestión Medioambiental certificado de acordo ao sinalado na norma internacional UNE-EN ISO 14001 e o Regulamento Europeo EMAS. Entre os seus obxectivos básicos atópase a potenciación das actividades de vixilancia e control dos aspectos e impactos medioambientais. A colaboración Universidade- Empresa desempeñou un papel clave nesta área ao longo dos últimos anos.

En particular, o Departamento de Estadística e Investigación Operativa da Universidade de Santiago mantén unha colaboración permanente, a través de proxectos de investigación, sobre a predición da calidade do aire no entorno da instalación, proporcionando ferramentas eficaces que axudan ao cumprimento da lexislación ambiental aplicable.

Por esta razón reitero o noso interese no seu proxecto e ofrézolle a posibilidade de que conte ca nosa colaboración no que se refire ao apoio na execución do mesmo.

Quedo á espera de noticias e aproveito a ocasión para saudalo atentamente.

Endesa Generación, S.A.
U.P.T. As Pontes
endesa
Sección Medio Ambiente

José Luis Bermudez Cela
Responsable MedioAmbiente, U. P.T. As Pontes.

ENDESA GENERACIÓN, S.A. Sociedad Unipersonal. Registro Mercantil de Sevilla. Domicilio Social Avda. de la Borbolla, 5. Hoja SE-55559, Folio 109, Tomo 3841, Sección 2ª, C.I.F. A-82434697

Endesa Generación, S.A. C/A Balsa, s/nº. 15320 As Pontes de García Rodríguez (A Coruña). Tel. 981 033 700. Fax 981 033 724 - www.endesa.es